

# **O Grupo de Traballo (GT) do Ano Internacional dos Pastizais e os Pastores (AIPP) sobre pastoralismo e xénero considera que o futuro do pastoralismo depende de:**



## **1. Unha comprensión máis profunda do xénero no pastoreo**

Este GT aboga por un enfoque que inclúa o xénero en todos os aspectos do pastoralismo. Ao tempo que recoñece a diversidade dos sistemas de pastoreo, chama a atención sobre cuestións críticas como a identidade de xénero, os roles de xénero, o coidado e outras responsabilidades como os deberes familiares, productivos e reproductivos, e pide que se consideren dentro dun marco equitativo.

Este GT apoia aos movementos sociais de mulleres pastoras e gandeiras e da voz ás súas reivindicacións. Tamén aboga pola incorporación destes movementos á AIPP, xunto coas iniciativas que apoian o pastoreo sostible e a xestión dos pastizais.

## **2. Dereitos equitativos e inalienables do acceso e uso da terra, dos recursos naturais, a biodiversidade, os coñecementos e a información**

Este GT aboga polo recoñecemento equitativo e inalienable dos dereitos das mulleres pastoras e gandeiras a acceder e empregar os recursos e bens pastorais chave, incluíndo a terra, a auga, a forraxe, a biodiversidade, o coñecemento e a información. As mulleres pastoras e gandeiras deberían disfrutar dos mesmos dereitos e privilexios que os pastores e gandeiros no que respecta á propiedade e herdanza do gando e o acceso aos pastos, pastizais e outros recursos.

Este GT pretende que se recoñezan e respecten os coñecementos específicos que portan as mulleres pastoras e gandeiras e a súa contribución ao mantemento duns pastizais sanos e uns medios de vida gandeiros sostibles.

Este GT ten como obxectivo promover unha voz equitativa e unha representación igualitaria das mulleres pastoras e gandeiras en todos os foros, institucións e iniciativas que representen, apoiem ou defendan o pastoreo e os pastizais.

Este GT apoia a acción colaborativa das mulleres pastoras e está traballando para conseguir unha reunión mundial de mulleres pastoras que lles dea a oportunidade de intercambiar experiencias, promover os seus dereitos, aumenta a súa voz e representación, e actualizar a Declaración de Mera (pra facer unha declaración de Mera+16) como punto de acción chave para o AIPP.

## **3. Maior participación equitativa das mulleres na investigación, a formulación de políticas e a gobernanza relacionadas co pastoreo e os pastizais.**

Este GT aspira a un diálogo con perspectiva de xénero entre os poseedores de coñecementos tradicionais e os científicos, promovendo solucións equitativas e participativas baseadas na capacidade dos pastores/as para identificar os seus propios problemas e idear enfoques sólidos para resolvelos. Apoia unha maior participación das mulleres na toma de decisións políticas e en asuntos de gobernanza relacionados co pastoreo e os pastizais.

Este GT aboga polo recoñecemento e a promoción das mulleres nos diversos ámbitos relacionados coa coprodución de coñecemento sobre o pastoreo e os pastizais, aspirando a que a investigación, o desenvolvemento e a innovación sexan auténticamente sensibles ás cuestións de xénero e melloren así a forma de abordar cuestións como a investigación, a planificación, a xestión, a elaboración de políticas e a formación.

Este GT considera que os sectores de pastoreo e os pastizais deben proporcionar espazos de traballo seguros, non discriminatorios, libres de violencia e con perspectiva de xénero. Deberían erradicarse o acoso sexual, a intimidación e outros tipos de violencia. Débese mellorar e promover o apoio á crianza dos fillos, o coidado da familia e a diversidade.